

D. JACOBO BARREIRO PIMENTEL, SECRETARIO DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS, PROVINCIA DE PONTEVEDRA,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data 3 de agosto de 2015, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

8.LICITACIÓNS E CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVAS:

8.1. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO NA SÚA MODALIDADE DE ALUGUER SOCIAL DE FINCA URBANA MUNICIPAL, MEDIANTE CONCURSO, PARA O SEU USO COMO VIVENDA, NO TERMO MUNICIPAL DE PONTE CALDELAS.

Dáse conta da proposta de Alcaldía redactada nos seguintes termos:

PROPOSTA DE ALCALDÍA **MESA DE CONTRATACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DE VIVENDAS EN CARITEL**

En data 30.04.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 154/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

En data 18.06.15 o interesado con número de rexistro 2355 presentou sobres A e B para optar a unha das vivendas.

Á vista de que nos Pregos, na cláusula 6, establece que unha vez puntuadas as solicitudes, se confeccionará unha lista provisional na que constarán os admitidos coa súa puntuación correspondente, e os excluídos coa causa de exclusión. Os solicitantes poderán presentar alegacións no prazo de dez días dende a súa publicación. Vistas ditas alegacións e, no seu caso, a documentación achegada se confeccionará a lista definitiva de admitidos ordenándoa de maior a menor puntuación.

A mesa de contratación, á vista da lista resultante e os criterios de valoración establecidos, unha vez informados polos servizos sociais do Concello, propondrá motivadamente ó órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor dun licitante, establecendo unha orde de puntuación, quedando os demais na lista de reserva que será elaborada.

A acta que contén a lista provisional de admitidos e excluídos, estivo exposta do 02.07.15 ao 14.07.15, publicada no Perfil do Contratante e no Taboleiro de Editos do Concello de Ponte Caldelas sen que se producisen alegacións.

En data 27.07.15 a Xunta de Goberno Local estableceuse o listado definitivo de admitidos e excluídos e declarou **como oferta máis vantaxosa** para a adxudicación do contrato en réxime de arrendamento social das vivendas cedidas polo IGVS, con destino a aluguer a familias en situación de exclusión social, **a presentada polo licitador 2355.**

En data 29.07.15 o licitador 2355 presentou no rexistro do Concello unha declaración na que di “*que xa fixo entrega de toda a documentación requirida no escrito enviado por ese Concello de Ponte Caldelas, punto terceiro e con número de rexistro de saída, 2597, en data 29 de xullo de 2015*”.

Á vista do recollido no prego, na cláusula 6, onde di: “ Unha vez recibida esta documentación o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato nos cinco días hábiles seguintes á recepción da mesma”.

Á vista do exposto e á vista do recollido nos pregos, **PROPOÑÓ Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

Primeiro: Adxudicar o contrato en réxime de arrendamento social das vivendas cedidas polo IGVS, con destino a aluguer a familias en situación de exclusión social, **ó licitador 2355.**

Segundo: Notificar ó adxudicatario a presente resolución e requirirle para a sinatura do mesmo en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da notificación da adxudicación, todo isto de conformidade co artigo 156 Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de CSP.

Terceiro: Que se publique o presente no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

Vistas as atribucións desta Xunta de Goberno, segundo o establecido no artigo 21.1q) da lei 7/85, e no Decreto de delegación de alcaldía de 15.06.2015, a XUNTA DE GOBERNO, PÓR UNANIMIDADE de todos os asistentes, ACORDA:

Primeiro: Adxudicar o contrato en réxime de arrendamento social das vivendas cedidas polo IGVS, con destino a aluguer a familias en situación de exclusión social, **ó licitador 2355.**

Segundo: Notificar ó adxudicatario a presente resolución e requirirle para a sinatura do mesmo en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da notificación da adxudicación, todo isto de conformidade co artigo 156 Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de CSP.

Terceiro: Que se publique o presente no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

E para que así conste ós efectos oportunos, expido a presente certificación coa salvedade do disposto no artigo 206 do RD 2568/1986, de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde accidental, en Ponte Caldelas a 6 de agosto de 2015.

Vº e Pr.

O Alcalde Accidental

Asdo.: Alfonso Gutierrez Santiago



O Secretario

Asdo.: Jacobo Barreiro Pimentel